



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E TRES DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E SEIS (11/2026)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e vinte e catro minutos do día vinte e tres de abril de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, alcalde en funcións, por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas.

Actúa como Secretaria, D.^a Ana Ramos Ramos, secretaria en réxime de acumulación.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 8 de abril de 2026
2. Concesión definitiva axudas ao estudo 2026
3. Concesión de tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida
4. Aprobación de formalización de convenios de colaboración para o financiamento das actuacións e investimentos incluídos na vixente base de execución núm. 14 do Orzamento vixente para o ano 2026 que é o do ano 2025 prórrogado
5. Asuntos de urxencia

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 8 DE ABRIL DE 2026

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 8 de abril de 2026 se considera aprobada sen ningunha obxección por UNANIMIDADE dos presentes.

2. CONCESIÓN DEFINITIVA AXUDAS AO ESTUDO 2026

A Sra. Secretaria accidental dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

EXPEDIENTE: 2025/A011/000002

ASUNTO: AXUDAS AO ESTUDO 2026

Logo de ver que non se presentou ningunha reclamación contra o acordo desta Xunta de Goberno Local do día 18 de marzo de 2026, da resolución provisional da convocatoria das Axudas ao Estudo 2026, durante o seu preceptivo período de exposición pública, segundo o informe de rexistro onde figura que non se presentaron alegacións nin desistencias, que consta asinado dixitalmente no expediente arriba indicado, de acordo coas bases reguladoras da convocatoria, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Declarar que quedan elevados a definitivos os acordos desta Xunta de Goberno Local do 18 de marzo de 2026, de concesión provisional de Axudas ao Estudo 2026, e polo tanto, definitivamente adoptados os seguintes acordos:

1. Aprobar a relación das 55 solicitudes de Axudas ao Estudo 2026 admitidas a trámite por presentar as súas solicitudes dentro do prazo concedido:

	DATA REXISTRO ENTRADA	DO DE	REXISTRO ENTRADA	NÚMERO EXPEDIENTE TEDEC	APELIDOS NOME	E	DNI
1	26/11/2025		202599900000580	2025/S001/000160	A.C.,C.		**0582***
2	26/11/2025		202599900000581	2025/S001/000161	A.C.,P.		**1478***
3	27/11/2025		202599900000584	2025/A011/000003	B.L.,B.		**9629***
4	28/11/2025		202599900000585	2025/S001/000162	B.L.,X.		**6024***
5	01/12/2025		202500000000930	2025/S001/000163	M.V.,X.		**4704***
6	04/12/2025		202500000000938	2025/S001/000164	S.G.,A.		**9151***
7	04/12/2025		202500000000939	2025/S001/000165	D.G.,M.		**6035***
8	04/12/2025		202500000000941	2025/S001/000166	T.E.,M.		**9177***
9	04/12/2025		202500000000942	2025/S001/000167	T.E.,M.		**7049***
10	04/12/2025		202500000000943	2025/S001/000168	T.E.,M.		**9412***
11	04/12/2025		202500000000945	2025/S001/000169	M.T.,F.		**9650***
12	04/12/2025		202500000000946	2025/S001/000170	M.T.,A.		*****
13	05/12/2025		202500000000951	2025/S001/000171	M.G.,R.		**9262***
14	05/12/2025		202500000000952	2025/S001/000172	M.G.,S.		**6399***
15	05/12/2025		202500000000953	2025/S001/000173	M.G.,I.		**6399***
16	05/12/2025		202500000000955	2025/S001/000174	M.G.,S.		**6636***

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

	DATA REXISTRO ENTRADA	DO DE	REXISTRO ENTRADA	NÚMERO EXPEDIENTE TEDEC	APELIDOS NOME	E	DNI
17	05/12/2025		202500000000954	2025/S001/000175	A.M.,A.		**4883***
18	05/12/2025		202500000000956	2025/S001/000176	G.P.,I.		**4890***
19	05/12/2025		202500000000957	2025/S001/000177	G.P.,C.		**4890***
20	05/12/2025		202500000000958	2025/S001/000178	E.P.,E.S		**7725***
21	09/12/2025		202500000000959	2025/S001/000179	L.C.,A.		**9261***
22	08/12/2025		202599900000609	2025/S001/000180	G.E.,R.		**0596***
23	10/12/2025		202500000000964	2025/S001/000181	R.O.,E.		**6027***
24	11/12/2025		202500000000965	2025/A012/000002	B.A.,I.		**9277***
25	11/12/2025		202500000000966	2025/S001/000183	B.A.,P.		**9655***
26	11/12/2025		202500000000967	2025/S001/000184	C.P.,B.		**9635***
27	12/12/2025		202500000000973	2025/S007/000001	A.C.,Y.		**4899***
28	12/12/2025		202500000000974	2025/S001/000185	T.M.,X.		**9261***
29	12/12/2025		202500000000975	2025/S001/000186	T.M.,U.		**9168***
30	12/12/2025		202500000000977	2025/S001/000187	P.C.,S.		**7428***
31	15/12/2025		202500000000981	2025/S001/000188	V.A.,A.		**7051***
32	15/12/2025		202500000000982	2025/S001/000189	V.A.,A.		**9178***
33	15/12/2025		202500000000983	2025/S001/000190	P.S.,M.		*****
34	15/12/2025		202500000000984	2025/S001/000191	P.S.,S.		*****
35	15/12/2025		202500000000986	2025/S001/000192	B.V.,M.		**4887***
36	15/12/2025		202500000000987	2025/S001/000193	B.V.,U.		**4887***
37	16/12/2025		202500000000989	2025/S001/000194	P.G.,P.		**9170***
38	16/12/2025		202500000000990	2025/S001/000195	S.J.,S.		**0572***
39	17/12/2025		202500000000999	2025/S001/000196	G.R.,S.		**7396***
40	18/12/2025		202500000001001	2025/S001/000197	A.M.,A.C		**1520***
41	18/12/2025		202500000001003	2025/S001/000198	A.M.,Y.L		**1513***
42	18/12/2025		202500000001004	2025/S001/000199	S.A.,L.		**9644***
43	18/12/2025		202500000001005	2025/S001/000200	S.A.,I.		**9268***
44	19/12/2025		202500000001010	2025/S001/000201	G.B.,A.		**9610***
45	19/12/2025		202500000001011	2025/S001/000202	N.B.,Y.		**9610***
46	22/12/2025		202500000001016	2025/S001/000203	V.D.,S.		*****

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

	DATA REXISTRO ENTRADA	DO DE	REXISTRO ENTRADA	NÚMERO EXPEDIENTE TEDEC	APELIDOS E NOME	E	DNI
47	22/12/2025		202500000001017	2025/S001/000204	V.D.,C.		**9278***
48	22/12/2025		202500000001018	2025/S001/000205	C.S.,C.		**7386***
49	22/12/2025		202500000001019	2025/S001/000206	G.V.,N.		**9155***
50	22/12/2025		202599900000628	2025/A012/000003	G.S.,V.		**9257***
51	26/12/2025		202500000001024	2025/S001/000207	V.V.,M.		**9617***
52	26/12/2025		202500000001025	2025/S001/000208	V.V.,I.M		**9617***
53	26/12/2025		202500000001028	2025/S001/000209	V.V.,S.		**9638***
54	26/12/2025		202500000001026	2025/S001/000210	P.P.,I.		**6029***
55	26/12/2025		202500000001027	2025/S001/000211	P.P.,R.		**6029***

2. Conceder definitivamente as Axudas ao Estudo 2026 as persoas indicadas na relación das 53 solicitudes propostas como beneficiarias destas axudas por presentar a súa solicitude dentro do prazo concedido, reunindo a totalidade de requisitos e a documentación requirida na convocatoria, coa contía que se propón conceder a cada unha en función dos puntos obtidos na valoración das solicitudes de acordo cos criterios e procedemento establecido nas bases, resultado de distribuír por unha parte os 10.000,00€ financiados polo Concello con recursos propios con cargo ao orzamento vixente, que é o de 2025 prorrogado, e por outra parte a cantidade de 2.000,00€ a maiores que tamén se propón conceder, pero condicionada á concesión da subvención solicitada no POS+ Adicional 1/2026 para gastos sociais extraordinarios ou a súa inclusión no orzamento do Concello que, no seu caso, se aprobe para 2026:

	NÚMERO EXPEDIENTE TEDEC	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL	PARTIDA 2026.231.48 200 (10.000€)	AMPLIABLE CONCESIÓN PLAN POS+ ADICIONAL 1/2026	TOTAL
1	2025/S001/000160	A.C.,C.	**0582***	11	120,75 €	24,15 €	144,90 €
2	2025/S001/000161	A.C.,P.	**1478***	16	175,63 €	35,13 €	210,76 €
3	2025/S001/000197	A.M.,A.C	**1520***	22	241,49 €	48,30 €	289,79 €
4	2025/S001/000198	A.M.,Y.L	**1513***	22	241,49 €	48,30 €	289,79 €
5	2025/S007/000001	A.C.,Y.	**4899***	7	76,84 €	15,37 €	92,21 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

	NÚMERO EXPEDIENTE TEDEC	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL	PARTIDA 2026.231.48 200 (10.000€)	AMPLIABLE CONCESIÓN PLAN POS+ ADICIONAL 1/2026	TOTAL
6	2025/S001/000175	A.M.,A.	**4883***	17	186,61 €	37,32 €	223,93 €
7	2025/S001/000192	B.V.,M.	**4887***	27	296,38 €	59,28 €	355,66 €
8	2025/S001/000193	B.V.,U.	**4887***	26	285,40 €	57,08 €	342,48 €
9	2025/A011/000003	B.L.,B.	**9629***	17	186,61 €	37,32 €	223,93 €
10	2025/S001/000162	B.L.,X.	**6024***	16	175,63 €	35,13 €	210,76 €
11	2025/A012/000002	B.A.,I.	**9277***	9	98,79 €	19,76 €	118,55 €
12	2025/S001/000183	B.A.,P.	**9655***	9	98,79 €	19,76 €	118,55 €
13	2025/S001/000184	C.P.,B.	**9635***	15	164,65 €	32,93 €	197,58 €
14	2025/S001/000205	C.S.,C.	**7386***	10	109,77 €	21,95 €	131,72 €
15	2025/S001/000165	D.G.,M.	**6035***	6	65,86 €	13,17 €	79,03 €
16	2025/S001/000178	E.P.,E.S	**7725***	16	175,63 €	35,13 €	210,76 €
17	2025/S001/000176	G.P.,I.	**4890***	14	153,68 €	30,74 €	184,42 €
18	2025/S001/000177	G.P.,C.	**4890***	14	153,68 €	30,74 €	184,42 €
19	2025/S001/000201	G.B.,A.	**9610***	25	274,42 €	54,88 €	329,30 €
20	2025/A012/000003	G.S.,V.	**9257***	8	87,82 €	17,56 €	105,38 €
21	2025/S001/000196	G.R.,S.	**7396***	14	153,68 €	30,74 €	184,42 €
22	2025/S001/000180	G.E.,R.	**0596***	15	164,65 €	32,93 €	197,58 €
23	2025/S001/000206	G.V.,N.	**9155***	10	109,77 €	21,95 €	131,72 €
24	2025/S001/000169	M.T.,F.	**9650***	11	120,75 €	24,15 €	144,90 €
25	2025/S001/000170	M.T.,A.	*****	11	120,75 €	24,15 €	144,90 €
26	2025/S001/000171	M.G.,R.	**9262***	26	285,40 €	57,08 €	342,48 €
27	2025/S001/000172	M.G.,S.	**6399***	30	329,30 €	65,84 €	395,14 €
28	2025/S001/000173	M.G.,I.	**6399***	27	296,38 €	59,28 €	355,66 €
29	2025/S001/000174	M.G.,S.	**6636***	29	318,33 €	63,67 €	382,00 €
30	2025/S001/000163	M.V.,X.	**4704***	15	164,65 €	32,93 €	197,58 €
31	2025/S001/000202	N.B.,Y.	**9610***	26	285,40 €	57,08 €	342,48 €
32	2025/S001/000194	P.G.,P.	**9170***	13	142,70 €	28,54 €	171,24 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

	NÚMERO EXPEDIENTE TEDEC	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL	PARTIDA 2026.231.48 200 (10.000€)	AMPLIABLE CONCESIÓN PLAN POS+ ADICIONAL 1/2026	TOTAL
33	2025/S001/000210	P.P.,I.	**6029***	26	285,40 €	57,08 €	342,48 €
34	2025/S001/000211	P.P.,R.	**6029***	26	285,40 €	57,08 €	342,48 €
35	2025/S001/000190	P.S.,M.	*****	13	142,70 €	28,54 €	171,24 €
36	2025/S001/000191	P.S.,S.	*****	13	142,70 €	28,54 €	171,24 €
37	2025/S001/000187	P.C.,S.	**7428***	13	142,70 €	28,54 €	171,24 €
38	2025/S001/000199	S.A.,L.	**9644***	11	120,75 €	24,15 €	144,90 €
39	2025/S001/000200	S.A.,I.	**9268***	12	131,72 €	26,34 €	158,06 €
40	2025/S001/000164	S.G.,A.	**9151***	6	65,86 €	13,17 €	79,03 €
41	2025/S001/000195	S.J.,S.	**0572***	22	241,49 €	48,30 €	289,79 €
42	2025/S001/000166	T.E.,M.	**9177***	27	296,38 €	59,28 €	355,66 €
43	2025/S001/000167	T.E.,M.	**7049***	27	296,38 €	59,28 €	355,66 €
44	2025/S001/000168	T.E.,M.	**9412***	27	296,38 €	59,28 €	355,66 €
45	2025/S001/000185	T.M.,X.	**9261***	12	131,72 €	26,34 €	158,06 €
46	2025/S001/000186	T.M.,U.	**9168***	12	131,72 €	26,34 €	158,06 €
47	2025/S001/000203	V.D.,S.	*****	18	197,59 €	39,52 €	237,11 €
48	2025/S001/000204	V.D.,C.	**9278***	18	197,59 €	39,52 €	237,11 €
49	2025/S001/000207	V.V.,M.	**9617***	24	263,45 €	52,69 €	316,14 €
50	2025/S001/000208	V.V.,I.M	**9617***	24	263,45 €	52,69 €	316,14 €
51	2025/S001/000209	V.V.,S.	**9638***	23	252,47 €	50,49 €	302,96 €
52	2025/S001/000188	V.A.,A.	**7051***	12	131,72 €	26,34 €	158,06 €
53	2025/S001/000189	V.A.,A.	**9178***	11	120,75 €	24,15 €	144,90 €
TOTAL					10.000,00 €	2.000,00 €	12.000,00 €

3. Desestimar definitivamente as dúas solicitudes de Axudas ao Estudo 2026, por non cumprir o requisito esixido no parágrafo cuarto da base 4ª da convocatoria:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

	Nº EXPEDIENTE TEDEC	APELIDO S, NOME	DNI	EXCLUSIÓN	MOTIVO
1	2025/S001/000015	R.C.,A.	*****	SI	SUPERA LÍMITE ACUMULACIÓN DE
2	2025/S001/000042	T.M.,X.	**9165***	SI	SUPERA LÍMITE ACUMULACIÓN DE

SEGUNDO.- O acordo de resolución definitiva será publicado no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Monfero, situado na sede electrónica municipal do concello, www.concellodemonfero.com, surtindo esta publicación efectos de notificación.

TERCEIRO.- A partir do día seguinte ao da notificación anteriormente indicada, comezará a contar o prazo de presentación da conta xustificativa dos gastos, cos seus xustificantes, na forma indicada nas bases reguladoras da convocatoria, e rematará no prazo dun mes.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por UNANIMIDADE, acorda aprobar a proposta

3. CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

A Sra. Secretaria-interventora dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

Logo de ver a solicitude da tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida, presentado pola persoa interesada que responde ás iniciais C.V., P. con DNI núm. ***0851**, no Rexistro de Entrada deste Concello o día 13 de marzo de 2026, núm. 202600000000157, o informe favorable da traballadora social do día 20 de abril de 2026, o ditame técnico facultativo do EVO e a restante documentación esixida.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a renovación da Tarxeta de Estacionamento para Persoas con Mobilidade Reducida a nome da persoa que responde ás iniciais C.V., P. válida ata o 21/04/2036 e co núm. 15050-103-26

O Alcalde en funcións Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por UNANIMIDADE, acorda aprobar a proposta

4. APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS E INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NA VIXENTE BASE DE EXECUCIÓN NÚM. 14 DO ORZAMENTO VIXENTE PARA O ANO 2026 QUE É O DO ANO 2025 PRÓRROGADO

O Sr. Alcalde en funcións informa de que se trata de aprobar neste punto o proxecto de convenio-tipo para formalizar as subvencións nominativas previstas no orzamento de 2026 que é o prorrogado de 2025, a súa formalización e os documentos de xustificación delas (anexos I, II e III) e dá conta deles e da súa proposta de acordo con respecto a este punto da orde do día que, como os citados anexos, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación TEDEC núm. 2026/A004/000001 e se transcriben literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS E INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NA VIXENTE BASE DE EXECUCIÓN NÚM. 14 DO ORZAMENTO VIXENTE PARA O ANO 2026 QUE É O DO ANO 2025 PRÓRROGADO

Logo de ver a base núm. 14 das de execución do Orzamento vixente deste Concello para o ano 2026 que é o do ano 2025 prorrogado, as subvencións nominativas que recolle, o proxecto de convenio tipo e os modelos de anexos de xustificación I, II e III que constan como anexo, para formalizar os correspondentes convenios de colaboración, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a formalización dos convenios de colaboración para o financiamento dos gastos das actuacións que se recollen na base núm. 14 das de execución do orzamento deste Concello para o ano 2026 que é o prorrogado do ano 2025, que se reproduce a continuación, coas entidades que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

se indican deseguido para que se realicen durante o ano 2026 as actividades cos obxectos ou finalidades e importes que tamén se reflicten:

SUBVENCIONS NOMINATIVAS 2026

ENTIDADE BENEFICIARIA	CONCEPTO	IMPORTE
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 326.48000		
Consello de Anciáns de Xestoso	Uned Sénior	2.000,00
IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN		2.000,00
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 334.48000		
CPI "Virxe da Cela"	Programa ocupación tempo libre	3.000,00
Grupo folclórico, cultural e deportivo "Virxe da Cela"	Actividade asociación cultural	1.200,00
Grupo folclórico, cultural e deportivo "Virxe da Cela"	Carpa festival folclórico	1.200,00
Consello de Anciáns de Xestoso	Viaxes culturais	500,00
Asociación Veciños Santa María de Vilachá	Gastos de mantemento, reparación, conservación e funcionamento do local social e entorno e instalacións e de realización de actividades	1.500,00
Asociación Veciños Taboada	Gastos de adquisición de equipamento e realización de actividades	1.500,00
ANPA CPI "Virxe da Cela"	Actividades culturais, de tempo libre e esparcemento	3.489,00
IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN		12,389,00
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 338.48000		
Comisión de Festas de Queixeiro	Festas do Rosario	1.600,00
Comisión de Festas de Queixeiro	Festas de San Xorxe	1.600,00
Comisión de Festas de Vilachá	Festas de Santa Lucía	1.600,00
Comisión de Festas de Vilachá	Festas de Nosa Señora da Asunción	1.600,00
Comisión de Festas de San Fiz	Festas de San Pedro Fiz	400,00
Comisión de Festas de San Fiz	Festas da Pascua	1.600,00
Asociación Veciños Taboada	Festas de Santa Mariña	1.600,00
Comisión de Festas de San Bartolomeu	San Bartolomeu	1.600,00
Comisión de Festas de Val de Xestoso	Festas de San Pedro	400,00
Comisión de Festas de Val de	Festas da Nosa Sra. dos Remedios	400,00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Xestoso		
Comisión de Festas de Val de Xestoso	Carpa actividade festiva	1.200,00
Comisión de Festas da Cela	Festas da Cela	3.100,00
Comisión de Festas de Lagares	Festas de San Xiao	2.500,00
Comisión de Festas do Ferro	Festas de San Cosme e San Damián	1.600,00
Comisión de Festas de Alto Xestoso	Festas de Santa María	1.600,00
Comisión de Festas de Santa Xiá	Festas de San Roque	1.600,00
Cooperativas Lácteas Unidas CLUN S. Coop. Galega	Feira do Grelo	7.200,00
IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN		31.200,00
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 341.48000		
Club Deportivo Concello de Monfero	Actividade de fútbol sala e ciclismo	2,500,00
Fútbol Club Monfero	Actividade club	4.500,00
Fútbol Club Monfero	Carpa actividade festiva fin tempada	1.200,00
ANPA CPI Virxe da Cela	Actividades deportivas	1.200,00
Club V.S. Competición	Competición automobilística	500,00
Club Pantín Competición	Competición automobilística	500,00
Sociedade Deportiva de Cazadores de Xestoso	Actividade asociación cinexética	600,00
Sociedade de Caza Virxe da Cela	Actividade asociación cinexética	600,00
Club Veiga Sport	Competición automobilística	500,00
Club Cova Rácing	Competición automobilística	500,00
Motoclube Rebordelo	Competición de supercross de motocross de Anxo Leira Caaveiro	1.500,00
Club Motopark Lugo	Competición de supercross de motocross de Iker Martínez González	1.500,00
IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN		15.600,00
TOTAL		61.189,00

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MONFERO E

PARA O FINANCIAMENTO DE _____
_____.

REÚNENSE:

Dunha banda, D. _____, Alcalde-
Presidente do Concello de Monfero, CIF P-1505100-F, con enderezo en Rebordelo, núm. 1, San
Fiz, 15619 Monfero (A Coruña)

Doutra banda, _____,
maior de idade, con DNI núm. _____, actuando como _____

con domicilio a efectos de notificacións en _____
_____.

Ambas as dúas partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente e
necesaria para este acto.

A segunda parte DECLARA que tanto el como a entidade á que representa neste expediente, os
seus administradores e, no seu caso, as persoas que ostentan a súa representación legal, reúnen
todos os requisitos necesarios para ser perceptores/as de axudas públicas e para obter a condición
de beneficiarios/as de subvencións do Concello de Monfero e que nin el/ela nin ningunha desas
persoas están incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para ser
perceptores/as de axudas ou subvencións públicas, nin para obter a condición de beneficiario/as de
subvencións do Concello de Monfero, nin en ningún dos supostos da Lei 3/2015, do 30 de marzo,
reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de
decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, nin
desempeñan ningún dos cargos electivos (concelleiros/as) regulados na Lei Orgánica 5/1985, do
19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa
autonómica que regule estas materias, e que están todos/as ao corrente no cumprimento das súas
obrigas tributarias e coa seguridade social, e que autoriza ao Concello de Monfero a realizar a súa
consulta a efectos de incorporación ao oportuno expediente.

E libremente,

MANIFESTAN:

1.- Que o Concello de Monfero, entre outros, ten o obxectivo de _____
_____.

2.- Que _____

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co
Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

tamén ten entre os seus obxectivos os sinalados no parágrafo primeiro.

En concreto, as súas actividades e obxectivos, nos ámbitos que se expresan, son os seguintes:

3.- Que tanto o Concello como _____, teñen obxectivos comúns e que, polo tanto, precísase unha colaboración estreita que permita o desenvolvemento e o correcto funcionamento de _____.

Por todo isto, ambas as partes **ACORDAN:**

Formalizar o presente Convenio de Colaboración de conformidade coas seguintes cláusulas:

1.º- OBXECTO

A finalidade deste convenio é a regulación dunha subvención, prevista nominativamente no vixente Orzamento Xeral do Concello de Monfero, e establecer as bases de colaboración entre o Concello de Monfero e _____

_____ para o financiamento dos gastos da seguinte actuación:

_____, que constitúe o seu obxecto.

2.º- ORZAMENTO.

O Concello comprométese a contribuír coa cantidade económica de _____ euros, consignada como subvención nominativa no vixente orzamento municipal do ano en curso, ao financiamento dos gastos da actuación definida no parágrafo anterior como o obxecto deste convenio.

3.ª OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU CONTRIBÚAN Á MESMA FINALIDADE

– O Concello de Monfero financiará os gastos da actuación definida como obxecto deste convenio, cunha achega de ata _____ €, que poderán representar unha porcentaxe máxima de financiamento do 100%.

- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula 2.ª, o Concello só contribuír á cantidade que represente o 100% do importe debidamente xustificado.

- O importe do financiamento farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria _____, na que a Intervención certifica que existe crédito suficiente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- Esta subvención será compatible coa percepción doutras subvencións e axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.

– A suma desta subvención máis calquera outra que perciba o beneficiario non poderá superar nunca o 100% do gasto xustificado.

4ª PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO

A entidade deberá facer constar de forma clara que a/s actividade/s esta/n subvencionada/s ou patrocinada/s polo Concello de Monfero nos exemplares dos programas, carteis, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice dela/s.

5.ª XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR O FINANCIAMENTO. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

De acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento vixente do ano en curso, o 100% da achega municipal poderá ter carácter de *pre-pagable*, unha vez que se asine o presente convenio.

O/A beneficiario/a, ou entidade beneficiaria, deberá presentar, antes do 20 de decembro do ano en curso, os seguintes documentos acreditativos da xustificación da subvención:

- a) Memoria detallada do programa da actividade ou actividades desenvoltas cando o importe da subvención sexa superior a 2.000 € (Agás naqueles casos nos que xa conste expediente da actividade no Concello)
- b) Relación de gastos
- c) Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- d) Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social (só no caso de non autorizar ao Concello á súa consulta)
- e) Facturas orixinais xustificativas dos gastos por importe superior ou igual á subvención outorgada
- f) Certificado do número de conta bancaria onde se realizará o ingreso

Os gastos acreditaranse mediante as facturas e os demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico, mercantil ou con eficacia administrativa. A acreditación dos gastos tamén poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos esixidos para poder aceptalas no ámbito tributario, de acordo co artigo 81 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións: «Poderán utilizarse medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos de xustificación das subvencións sempre que nas súas bases reguladoras se establecera a súa admisibilidade. Para estes efectos, as bases reguladoras deberán indicar os trámites que, de ser o caso, poidan ser cubertos por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por orde do Ministro de Economía e Facenda.»

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa achega municipal, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

6.^a REINTEGRO

O/A beneficiario/a ou entidade beneficiaria, deberá reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e das obrigas establecidas para a concesión e, en calquera caso, nos supostos regulados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 ao 93 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

7.^a VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

O presente convenio de colaboración producirá efectos desde que se asine e conservará a súa vixencia ata o vinte de decembro do ano en curso.

Se o/a beneficiario/a, ou entidade beneficiaria, o solicita previamente, polo menos dez días antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado polo acordo expreso de ambas as partes, adoptado antes de que expire a súa vixencia inicial, e logo do informe da Secretaría-Intervención do Concello de Monfero.

Tamén por acordo expreso de ambas as partes, por unha causa debidamente xustificada e despois dos mesmos informes indicados no parágrafo anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

8.^a RÉXIME XURÍDICO

Canto ao previsto neste convenio, estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvención e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

9.^a PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmaselle que o Responsable do tratamento dos seus datos é o Concello de Monfero con CIF P1505100F e enderezo en Rebordelo 1, San Fiz - MONFERO (A Coruña). Os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados a/s correspondente/s área/s / departamento/s á/aos cal/es vaia dirixida a presente solicitude coa finalidade de xestionar a mesma. Os datos serán tratados de maneira confidencial só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art. 6.1 c) "o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigación legal aplicable ao responsable do tratamento" e/ou no art.6.1 e) do RXP: "en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos" conferidos a este Concello. Os datos persoais que nos proporciona mediante este documento conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigacións legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento, o Concello de Monfero, no enderezo arriba indicado ou remitindo un correo a dpd@monfero.es. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

persoais a través do correo dpd@monfero.es ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello <https://monfero.es/politica-de-privacidade/>

Para que así conste e en proba de conformidade, ambas as partes asinan por duplicado este convenio no lugar e na data que se indican a continuación.

Monfero, _____ de _____ de 20__

O Alcalde,

O/A beneficiario/a

ou representante da entidade beneficiaria”

“ANEXO I

D.

_, con DNI núm. _____ e enderezo a efectos de notificacións
en _____,

_____ en calidade de
representante de _____ con CIF
_____.

E X P O Ñ O:

Que en relación coa subvención nominativa concedida segundo o convenio de colaboración asinado entre o Concello de Monfero e

_____ para a
organización e financiamento dos gastos ocasionados por

_____, presento os seguintes documentos para efectos de xustificación do devandito convenio:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- Memoria detallada do programa da actividade ou actividades desenvoltas cando o importe da subvención sexa superior a 2.000 € (Agás naqueles casos nos que xa conste expediente da actividade no Concello)
- Relación de gastos
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social (só no caso de non autorizar ao Concello á súa consulta)
- Facturas orixinais xustificativas dos gastos por importe superior ou igual á subvención outorgada
- Certificado do número de conta bancaria onde se realizará o ingreso

SOLICITO:

Que se teña por presentada a documentación anteriormente indicada para a súa unión ao oportuno expediente.

Monfero, ____ de ____ de 20__

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONFERO”

“ANEXO II

D/D.^a

con DNI núm. _____ e
endereço a efectos de notificacións en
_____, en calidade de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

representante

de

_____, con CIF _____,

DECLARO

Que se realizaron as actividades sinaladas no Convenio de Colaboración entre o Concello _____ de _____ Monfero _____ e _____ para a organización e financiamento dos gastos ocasionados por _____

Que nin eu nin a entidade á que represento neste expediente, nin os seus administradores, nin, no seu caso, as persoas que ostentan a súa representación legal, estamos incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas, nin para obter a condición de beneficiario de subvencións do Concello de Monfero, nin en ningún dos supostos da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, nin desempeñamos ningún dos cargos electivos (concelleiros/as) regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.

Que están ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

SI/ NON autorizo ao Concello de Monfero á súa consulta)

Que SI/ NON temos solicitadas e/ou concedidas outras subvencións para a realización desta mesma actividade. (En caso afirmativo, indique qué ten solicitado e ante qué organismo)

Que cumprimos os requisitos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiarios de subvencións do Concello de Monfero.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

E para que conste, para efectos de xustificación do Convenio de Colaboración, expido esta declaración en Monfero a _____ de _____ de 20_____

(sinatura)”

“ANEXO III

RELACIÓN DE GASTOS XUSTIFICATIVOS RELATIVOS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MONFERO E

PARA A ORGANIZACIÓN E FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POR:

Núm. FACTURA	EXPEDIDOR	CONCEPTO	IMPORT E

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Monfero, ____ de _____ de 20____

Asdo.: _____”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

5. ASUNTOS DE URXENCIA

Non hai

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás 12 horas e 30 minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, certífico.

O Alcalde en funcións

A Secretaria en réxime de acumulación

D. Alberto Cortizas Rejo

D.^a Ana Ramos Ramos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)